ESCRITORES, LINGUA E IDENTIDADE: O EXEMPLO DA LITERATURA GALEGA CONTEMPORÁNEA

INMACULADA LÓPEZ SILVA
Universidade de Santiago de Compostela

Introducción

A definición de Galicia coma un contexto diglósico onde, por tanto, hai unha lingua e unha cultura minorizadas é a base da caracterización do sistema literario galego contemporáneo, fortemente determinado pola posición sociocultural do debate lingüístico. A producción literaria na lingua B nun contexto diglósico é un discurso "marcado" no que productores, receptores, críticos e editores adquiren un *plus* de atención sobre o factor lingüístico e certa conciencia comparatista (a respecto da lingua A e os seus productos). En contextos minorizados, os actos de lectura, crítica e promoción do texto cárganse de doses de interese vencelladas, por unha banda, ás propias tentativas de normalización da lingua B (no noso caso o galego), e por outra, ao discurso identitario, mesmo etnoestético, co que se relaciona o idioma en boa parte das comunidades occidentais.

En efecto, en Galicia a lingua funciona coma factor identitario de primeira instancia, e de aí que os discursos lingüísticos, especialmente o literario, posúan unha importancia socio-política que vai moito máis alá do puramente estético ou cultural. Tendo isto en conta poderemos comprender por qué lingua e identidade van estreitamente vencelladas no discurso cultural galego desde fins do século XIX ata os nosos días, xa que a reivindicación e busca das particularidades diferenciais da comunidade galega (por contraste coa española, enténdase) foron as ansias do discurso ideolóxico desde os primeiros rexionalistas e, desde logo, están na base do actual discurso nacionalista en Galicia. Esa particularidade atopouse fundamentalmente na presencia dunha lingua diferente (o galego) e nunha serie de manifestacións culturais específicas idóneas para crear un selo de identidade, alén de elementos paisaxísticos, raciais, históricos, etc. que, dun xeito ou doutro, aínda non acabaron de ser superados na actualidade, reaparecendo periodicamente ao longo do século XX.

Como sucede en moitas das actuais culturas (linguas) definidas coma minoritarias ou minorizadas, tamén en Galicia contamos cun sistema literario novísimo, nacido coas ansias diferenciais do Romanticismo, aínda hoxe debedor desa corrente e que, desde logo, foi evolucionando desde a dubidosa posibilidade de ser caracterizado coma *sistema literario* a fins do XIX, ata unha indubidábel definición coma tal na actualidade. En efecto, ao tempo que o proceso de normalización lingüística para o galego foi avanzando (sobre todo desde 1975 para aquí, como veremos), tamén as diferentes parcelas do polisistema cultural e en concreto do sistema literario foron completándose na procura de cotas de autonomía que aínda non se conseguiron en tódolos casos. A historia da literatura galega contemporánea é un constante proceso en procura da autodefinición dun sistema autónomo, no que as nocións de *canon*, *centro* e *periferia*

BDD-A5205 © 2001 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 04:55:53 UTC)

sexan autorreferenciais. Pensemos que os factores do sistema literario —productor, consumidor, producto, mercado e institucións e repertorio— (Even-Zohar 1990) vense afectados moi directamente en cada unha das súas funcións nos procesos de normalización lingüística de contextos diglósicos e en culturas minorizadas, e de aí que o caso galego sexa un excelente exemplo desde o que comprobar, entre outras cousas: a) as mudanzas no perfil estético, lingüístico e sociolóxico dos productores e consumidores á medida que avanza o proceso de (re)construcción nacional; b) as variacións nas características estéticas, temáticas e xenéricas dos productos literarios; c) a constitución de novos repertorios de referencia; d) a complicación das relacións mercantís; e e) o aumento da cantidade e calidade das institucións vencelladas ao discurso cultural, sempre relacionado coa preocupación lingüística en favor do galego.

A algunhas destas cuestións referirémonos neste traballo co fin de realizar unha descrición —necesariamente superficial— do discurso literario contemporáneo en Galicia, xa que será xustamente en determinados elementos anormais dentro do sistema, onde poderemos ver o reflexo do conflicto. Ese conflicto, hoxe por hoxe, seguramente deba ser considerado máis *cultural* (mesmo ideolóxico) ca exclusivamente *lingüístico*, pois a lingua é un máis dos elementos a debate, quizais o fundamental, pero incomprensíbel sen ter en conta factores adxacentes coma os hábitos sociais, a cuestión territorial, as tradicións compartidas ou enfrontadas, e as tendencias ideolóxicas das sociedades galega e española.

Literatura, lingua, historia, identidade: herdanzas románticas

Para comprender as características actuais do sistema literario galego é esencial a revisión crítica e histórica do seu xurdimento como tal na segunda metade do século XIX, bebendo dos presupostos ideolóxicos do romanticismo e do nacionalismo que daquela pululaban no ar de Europa.

Foi Herder quen introduciu unha idea histórica e territorial da cultura ao procurar as orixes evolutivas da literatura europea do XIX na Idade Media e no mundo popular-tradicional. Pensemos que Herder se formou nunha das zonas periféricas de Europa (Königsberg, actual Kalinigrat) e isto explica, en parte, a concepción dialóxica da cultura que el postulou e, por extensión, o relativismo que caracteriza toda a ideoloxía romántica, especialmente no relativo á reflexión literaria e nacional. De feito, Herder baseábase na idea de que o xenio individual expresaba a creatividade do pobo e centrábase no idioma coma reflexo máis directo da creatividade, e de aí a preocupación polas formas populares (especialmente na súa expresión lírica, reminiscencia da *Ursprache*) coma elemento desde o que procurar unha renovación da creación literaria a fins do XVIII. Esas ideas de Herder, empregando a terminoloxía de Iuri Lotman, supuxeron unha *explosión* cara a espacios non semiotizados ou, alomenos, esquecidos na memoria de Occidente. Esa especie de revolución cultural iniciada por este pensador, estendeuse por Europa, onde xa callaran os presupostos da Ilustración (o propio Herder foi alumno de Kant), e de aí que axiña atopasen aceptación nos creadores de diversas nacionalidades, desde Shelley ou os irmáns Schlegel, ata Wordsworth, Heine ou Walt Whitman, autores lidos por toda Europa que, dalgún xeito, espallaron a filosofía romántica e sementaron as bases para que, durante o XIX, en comunidades coma a italiana, a alemana, a galega ou a catalana agromasen procesos de construcción nacional, situacións socio-políticas diferentes, mais co denominador común dunha

BDD-A5205 © 2001 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 04:55:53 UTC)

necesidade de cohesión para fins políticos, sexa unionistas, sexa en procura de mellores condicións socioeconómicas.

Estas ideas que enuncio de xeito un tanto caótico pretenden xustificar unha cuestión fundamental: a débeda dos primeiros teóricos e artífices da literatura galega contemporánea ao concepto romántico de *literatura nacional*.

Esa noción, vencellada a unha autoconciencia identitaria baseada na lingua, está presente na conformación de parte das modernas culturas europeas, desde a galega ou catalana, ata a italiana, alemana, estona, servo-croata, escocesa ou finesa, coma colectividades que experimentan os procesos de *conformación nacional* (chamémoslle así) arredor do século XIX e debedoras, por tanto, da ideoloxía romántica (Guillén 1998: 327-328). En efecto, colectividades coma a galega ou a catalana atoparon nesa filosofía unha base teórica desde a que sustentar un proceso de autoafirmación e defensa da propia especificidade cultural, base esencial de reivindicacións de tipo político (rexionalista, provincialista e mesmo nacionalista). Estas cuestións, obviamente, basean os movementos do Rexurdimento galego e da Renaixença catalana, auténticos procesos de recuperación cultural e de busca dunha identidade diferencial desde a que definir posíbeis nacionalidades.

Xurdidos ámbolos dous no seo do Estado Español durante o século XIX, semellan excelentes exemplos dun proceso recorrente na conformación das culturas modernas: desde unha reivindicación de carácter lingüístico (defensa do galego e o catalán coma linguas con entidade e dignidade propias) realízase toda unha reflexión étnico-simbólica en procura da construcción dunha historia propia, unha tradición cultural-popular específica e, por suposto, unha literatura nacional (para a que se buscan as orixes na Idade Media, considerada época dourada). Todos eses elementos están postos ao servicio comunitario de definición dunha nación emerxente.

Aínda sendo o concepto de *literatura nacional* unha noción esencialmente romántica, quixera sinalar que, en esencia, aínda hoxe funciona na definición cultural das colectividades lingüístico-culturais occidentais. O tempo demostrou a posibilidade de existencia de literaturas e linguas que non contan co correlato nación-estado (a galega e a catalana son bos exemplos) e para as que, sen embargo, segue a funcionar a definición de literatura nacional enunciada no romanticismo; é máis: segue a ser a base do seu funcionamento na actualidade coma resortes de *cohesión identitaria* nas sociedades nas que se inscriben. Coma tantos outros, quizais sexa a noción de *literatura nacional* un concepto "superado", "evitábel" e mesmo "satanizado" ou "tabú", pero o seu pouso está na definición da maior parte das literaturas europeas (de aí a relación coa lingua). Os analistas das mesmas non podemos subtraernos do feito de que ese concepto condiciona a maneira en que se producen as relacións interliterarias ou o xeito en que se comportan autores, lectores, críticos e editores, como comprobamos non só no caso de literaturas en linguas minorizadas (galega, catalana, sarda) senón en literaturas de linguas metropolitanas (española, portuguesa, francesa), especialmente no seu *diálogo* coas primeiras.

A partir desas ideas da filosofía romántica e visto o emprego delas na conformación identitaria dalgunhas culturas europeas, demóstrase que a construcción da nación ten moito de proceso premeditado que, producido desde unha elite intelectual e económica, se *fai realidade* (Figueroa 2001: 84) a través dun proceso de interiorización da conciencia identitaria que ten moito que ver coa lingua e, por conseguinte, cos discursos lingüísticos, especialmente o literario.

ISSN 1616-413X

BDD-A5205 © 2001 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 04:55:53 UTC)

En relación con isto, e concordando con Itamar Even-Zohar, parécenos esencial sinalar a función da literatura coma *instrumento de cohesión social*. Segundo o teórico hebreo, en casos coma o alemán, o italiano, o búlgaro... (o galego, engado eu) un pequeno grupo de persoas ao que el chama *axentes socio-semióticos*, "popularmente coñecidos baixo a denominación de escritores, poetas, pensadores, críticos ou filósofos produciron un *corpus* de textos cos que pretendían xustificar, sancionar e sustentar a existencia ou o desexábel dela, o valor e a pertinencia dunha entidade creada á que se aspira" (Even-Zohar 1994: 369), isto é, para Even-Zohar, a *nación*. En Galicia, estes elementos foron durante a segunda metade do XIX os chamados "precursores" ou artífices do Rexurdimento, entre os que están escritores coma Rosalía de Castro, Curros Enríquez ou Eduardo Pondal, alén de pensadores e políticos coma Manuel Murguía, animadores culturais coma Francisco Mª de la Iglesia ou Galo Salinas, músicos, etc. Trátase dunha *intelligentsia* que asume a responsabilidade de erguer un edificio sobre as cinzas dunha cultura baseada nunha lingua desprestixiada e cunha tradición literaria (a medieval) aínda descoñecida.

Pero non esquezamos que procesos deste tipo non son específicos de épocas directa e historicamente relacionadas co romanticismo, senón de calquera tipo de proceso de recuperación cultural consciente. En Galicia volveu ocorrer nos anos 20 cando un grupo de novísimos intelectuais cosmopolitas e coñecedores de toda a arte de vangarda en Europa crearon a revista *Nós* e, xa vencellados a unha clara opción política definida coma nacionalista, instauraron todo un proceso de promoción cultural e lingüística en relación co galego coma lingua sobre a que se sustenta a identidade da comunidade galega: eran, baixo o liderado indiscutíbel de Vicente Risco, Otero Pedrayo, Castelao, Cuevillas, Lousada Diéquez... coma referentes dunha xeración de autores máis novos que eran prometedores ata que a Guerra Civil (1936-1939) coutou as súas ansias creadoras e políticas durante 40 anos. E durante o franquismo é unha nova minoría intelectual (o grupo Galaxia, coma traballo político-cultural na clandestinidade) a que intenta recuperar o legado dos homes de Nós e senta as bases para a recuperación ocorrida trala morte de Franco (1975).

Vemos, logo, como a historia da cultura galega é a historia de procesos fundacionais sucesivos (quizais un constante proceso fundacional) no que sempre se cumpren dúas premisas esenciais: a atención sobre o discurso (e o debate) lingüístico e seren os seus artífices homes e mulleres pertencentes a unha elite intelectual e socio-económica. Nos últimos tempos e coa progresiva normalización e autonomización do polisistema cultural galego, semella que este último factor comeza a mudar ou, alomenos, a asumir certo papel propagador de ideas a sectores sociais cada vez máis amplos e menos elitistas, quizais coma producto da progresiva xeneralización do ensino e do acceso á cultura, en principio e en teoría, ao alcance de todos.

Unha vez demostrado que a existencia dunha literatura contribúe a definir un pobo coma colectividade específica (probouno en Escocia McPherson coa súa falsificación dos poemas de Ossian), estamos en condicións de comprender a *función nacional* concedida á literatura, especialmente a determinados textos. Se ben tódalas culturas realizan este exercicio (Shakespeare, Cervantes, Camões e Goethe, coma os "escritores nacionais" de Inglaterra, España, Portugal e Alemaña, respectivamente) nas literaturas vencelladas a contextos de conflicto lingüístico (e político) adoita existir un *plus* nacional (identitario, ideolóxico...) para os textos escritos na lingua B. Nestes casos, os

BDD-A5205 © 2001 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 04:55:53 UTC)

procesos de selección e valoración de textos literarios e non literarios[1] están fortemente condicionados polo *capital simbólico* (tiro o termo de Bourdieu) que se lles confire só por estaren escritos na lingua a reivindicar. Evidentemente, esta característica é elemento definitorio do grao de normalidade dun sistema literario, pois a autonomía do sistema virá determinada, en parte, pola capacidade dos axentes para valorar os textos respondendo a cuestións máis intratextuais, máis estéticas, se se quere, e menos determinadas polas necesidades e intereses doutros campos coma o político ou o ideolóxico.

Isto ocorreu en Galicia en todo o proceso de conformación e reivindicación da cultura galega, sempre un complemento idóneo para os intereses do campo da política nacionalista, ou, alomenos, galeguista[2]. Como indica Antón Figueroa (2001: 91), "a literatura [...] deixou de ter tamén a exclusividade no poder de crear ficción e de xerar *ilusión*"; debido ao seu uso pragmático (interesado), a recepción dos textos literarios ten fortes dependencias a respecto de cuestións ideolóxicas e políticas en principio alleas á literatura coma discurso artístico, mais que acaban soterrando o que esta ten de artístico para convertela nun discurso ao servicio das reivindicacións ideolóxicas. En efecto, e concordando con Figueroa (2001: 72), "a *nacionalidade* está presente en case tódolos campos e discursos, mesmo naqueles que por razóns obvias parecería que deberían rexerse por intereses moi específicos", pero é lóxico nun contexto no que os discursos lingüísticos están caracterizados pola inestabilidade e no que existe un constante medo á chamada "alienación", que non é outra cousa que a perda da autoconsciencia identitaria.

A problemática definición da literatura galega: o *quid* da cuestión

Como se notaría no dito ata aquí, a cuestión lingüística é un elemento fundamental a ter en conta na descrición e definición de calquera literatura, pero en contextos diglósicos este asunto non é baladí, pois a caracterización ten que referirse a unha literatura que se ve problematizada na súa propia definición coma producto lingüístico debido á diglosia. Como di Dolores Vilavedra (2000: 14), a literatura é un obxecto metalingüístico, isto é, convértese naquilo que dicimos que é, e de aí o especial coidado dun sistema coma o galego, inseguro na definición enunciada sobre si mesmo. En situacións coma a galega, faise necesaria a descrición do propio sistema literario coma unha entidade na que os productos xorden relacionados co conflicto (sexa a favor ou en contra, por afirmación ou por negación dunha das dúas linguas) na propia esencia dunha definición útil e práctica para todos. A polémica, xa que logo, está servida.

Hoxe en día, está aberto un debate en Galicia que afecta á propia definición da literatura, unha definición que non ten tanto que ver coas eternas preguntas da Teoría Literaria e da Estética (¿que é a literatura?, ¿que é a arte?) coma coa indicación duns

[1] De feito, é interesante ver como textos en principio non literarios reciben un tratamento crítico en clave literaria, como pode ser a inclusión nos programas de literatura no ensino medio e na Universidade de Santiago de Compostela do ensaio *Sempre en Galiza* de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, considerado a "biblia" do nacionalismo galego.

[2] O concepto "nacionalismo" ten que ver sempre cunha opción política concreta e materializada en forma de partidos presentes no panorama electoral galego; "galeguismo" é unha noción de matices máis culturais e reivindicativos, non tanto relacionado coa política coma co exercicio persoal e grupal de defensa do acervo cultural relacionado coa lingua galega.

BDD-A5205 © 2001 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 04:55:53 UTC)

límites que precisen ónde comeza e onde remata o que entendemos por literatura galega, ou, o que é o mesmo, qué características ten que cumprir un texto para ser considerado un producto do sistema literario galego ou para ser excluído do mesmo.

Non se deixen seducir pola aparente simplicidade deste asunto: nun contexto diglósico e tratándose da definición da literatura escrita na lingua B, a cuestión atopa problemas, dúbidas e precisións en cada volta do camiño. A ecuación que en calquera lingua normalizada semella indiscutíbel e só precisábel en casos extremos —a literatura X é a escrita na lingua X— non parece servir para unha lingua minorizada coma a galega, que constantemente escoita voces que reivindican coma galegos a autores nados en Galicia que escribiron única e exclusivamente en castelán (Camilo José Cela, Torrente Ballester). Estas posturas responden a un cacarexado "aperturismo" ou a unha "tolerancia" que só denotan a necesidade ou o desexo dunha literatura coma a galega por incluír nas súas filas a autores de prestixio e éxito en sistemas normalizados; nestes casos parece accesorio que non escriban en galego, ao tempo que salvan perfectamente o inconveniente lóxico (por cuestións de ubicuidade só conferidas, en principio, aos deuses) de que os definidores da literatura española, facendo uso do criterio lingüístico, si os inclúen entre o seu catálogo de escritores.

A cuestión, en efecto, demostra a inseguridade dun sistema literario que desde determinadas posicións pretende elaborar un canon no que as cotas de prestixio veñen de fóra, e de aí que a simple existencia deste debate sobre a definición da literatura galega sexa un elemento máis que non só demostra a falta de normalidade e a inestabilidade do sistema, senón a súa falta de autonomía a respecto do sistema literario español.

Notemos que usando o criterio filolóxico para definir a literatura española, ningún escritor galego (*en* galego) posúe posición ningunha no sistema literario español (quizais algún traducido si é considerado coma "autor periférico"), e, pola contra, a ningunha das persoas que reivindican a inclusión de autores en español no sistema literario galego se lle ocorreu aínda indicar a posibilidade de que poida ser escritora galega, por exemplo, Isabel Díaz, unha poetisa moza nacida en Galicia e emigrada ao País Vasco (mais retornada) que adoita empregar o eusquera coma lingua literaria.

A procura dunha definición funcional dunha literatura é esencial non só no caso galego, senón no caso de calquera lingua minorizada que, polo simple feito de selo, sementa de dúbidas e problemas a caracterización de tódolos discursos emanados pola comunidade que se expresa nesa lingua.

Agora ben, cómpre sinalar que o criterio filolóxico presenta problemas que nos obrigan a aceptalo con matices ou, mellor dito, co compromiso de afondar noutros elementos (como se verá) para precisar a definición da literatura galega. En efecto, son numerosos os exemplos de sistemas literarios que, asumindo coma medio de expresión unha lingua metropolitana, conservan o seu "selo de identidade" debido a outros factores que tamén son útiles para a definición de literaturas e que, no caso de culturas minorizadas, resultan especialmente productivos. Ninguén dubida hoxe por hoxe da entidade individualizada da "literatura mozambicana", "literatura quebequesa" ou da "literatura arxentina" (que se expresa en portugués, francés e español, respectivamente), e sen embargo están escritas en linguas representantes dos países contra os cales estas novas nacións realizaron procesos de separación e construcción nacional. ¿Onde achan a súa identidade, pois, esas literaturas? Ou como di Dolores Vilavedra (2000: 13), "¿existiría literatura galega se en Galicia se falase outra lingua, fose portugués ou castelán? ¿Poderiamos ser outro Brasil para Portugal, outra Guatemala para España?".

ISSN 1616-413X

BDD-A5205 © 2001 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 04:55:53 UTC)

Sumándonos á opinión desta crítica, tamén aquí defenderemos a viabilidade do "criterio sistémico" coma fundamento dunha definición lóxica e descritiva da literatura galega. Mediante a atención ás particularidades do contexto socio-cultural galego, poderemos indicar o específico dos diversos factores en acción no sistema literario, de xeito que unha obra pertencerá ao ámbito da literatura galega só no caso de que asuma e cumpra os requisitos productivos, receptivos, institucionais, mercantís e de repertorio (vid. supra) indispensábeis para formar parte do sistema literario galego. Como di Vilavedra, "deste xeito, supérase unha concepción territorialista da literatura e pásase a entendela como un discurso emitido nun determinado espacio público, espacio que pode abranguer dende diversas unidades xeopolíticas ata realidades poboacionais supraterritoriais", de xeito que cobra sentido a consideración das accións institucionais e sociais, mesmo económicas, que interveñen nos movementos dentro do sistema e que, polo tanto, o configuran como tal, xustificando a xestación e características dos textos e dotando o sistema de individualidade fronte a outros sistemas que, evidentemente, contan cuns mecanismos de acción-reacción institucional e social adecuados ás súas necesidades contextuais (Vilavedra 2000: 14).

Como se notará, a asunción deste criterio sistémico non exclúe —nin moito menos— a aceptación do criterio filolóxico, xa que a cuestión lingüística, que en Galicia impregna tódalas actividades relacionadas coa cultura, tamén terá que ver cos procesos autóctonos de promoción, edición, canonización e institucionalización, así coma a "asunción dun repertorio básico de normas estético-literarias consensuadas polas instancias que participan no propio sistema, tales coma valores xerarquizadores, modelos intertextuais cos que dialogar, modalidades xenéricas orixinais, etc." (Vilavedra 2001: 14).

Evidentemente, a cuestión identitaria non está lonxe da inclusión de elementos sistémicos e contextuais, ademais de lingüísticos, na definición dunha literatura minorizada coma a galega. Cómpre decatarse de que, sendo a literatura galega quen a miúdo lexitima as reivindicacións identitarias e ideolóxicas do nacionalismo, os elementos presentes no sistema literario serán dalgún xeito referentes esenciais aos que recorrer na procura de elementos de definición autóctona e, por tanto, tamén serán os depositarios da relación entre o discurso estético e os discursos ideolóxico, sociolóxico, etc. Todos e cada un dos elementos do sistema literario (desde os productores ata os receptores, pasando por outro tipo de axentes coma promotores, editoriais, certames, políticos responsábeis de cultura) actúan coma ponte na que se materializa o emprego real e productivo do poder simbólico (en sentido nacional, identitario e lingüístico) da literatura, e de aí que non só sexan esenciais para a definición da mesma como tal, senón tamén para unha caracterización realista do sistema cultural galego.

A "filoloxización" do discurso literario en Galicia

Antón Figueroa, nun revolucionario libro publicado en 1988 (*vid*. Bibliografía), sinalaba coma característica fundamental do discurso literario galego unha cuestión relativa á recepción dos textos e directamente relacionada coa inestabilidade do código lingüístico da que vimos falando ao longo deste traballo: a substitución do par *lectura crítica* / *simple lectura* pola *lectura filolóxica*, noción que el define coma "aquela lectura na que os problemas do código impiden en maior ou menor grao o funcionamento do texto coma tal" (Figueroa 1988: 52) e que, de certo, ten moito que ver cun emprego *fetichista*

BDD-A5205 © 2001 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 04:55:53 UTC)

dos textos no sistema cultural galego, debido ao capital simbólico depositado na lingua galega e no discurso literario en Galicia. Afondemos un pouco máis nesta cuestión que, na miña opinión, é clave para comprender as relacións e posicións dentro do sistema literario galego.

Efectivamente, debido ao conflicto e ao seu uso ideolóxica e politicamente *interesado*[3], hai en Galicia un superávit de conciencia lingüística que se reflicte directamente na nosa recepción dos textos literarios, e moi especialmente no noso xuízo sobre os mesmos. O discurso (meta)lingüístico impregna un abano amplísimo de actividades cotiás, moito máis amplo do que acontece en calquera lingua normalizada, de xeito que socialmente dá a sensación de que o debate sobre a lingua (sobre as linguas) lle compete a todo o mundo. En Galicia calquera se sente capacitado para opinar sobre cuestións de lingua, e isto ocorre porque a preocupación por cuestións referentes ao código foron trasladadas desde o campo académico ao mundo cotián e a todo o espectro social galego. Darei un exemplo para que se entenda este asunto: o meu avó, que morreu hai pouco aos 80 anos, habitante dunha vila do interior de Galicia, falante monolingüe en galego e posuidor de estudios primarios, non só mantiña, senón que era capaz de manter comigo e cos meus compañeiros da Facultade de Filoloxía algún debate lingüístico (especialmente normativo) gracias, simplemente, a que vía a TVG, a que lía diariamente varios xornais e a que tiña bo oído.

Esta cuestión ten consecuencias esenciais. En primeiro lugar, un non-filólogo cun mínimo de relevancia pública a nivel social (penso en colaboradores de prensa autoconsiderados omniscientes, tipo Carlos Lúis Rodríguez, articulista en *El Correo Gallego*) queda automaticamente lexitimado para opinar sobre cuestións lingüísticas, desde asuntos ortográficos ata exordios sobre gramática histórica, sen probar en ningún momento o coñecemento sobre Historia da Lingua ou, alomenos, sobre latín (base indispensábel, creo, para facer lingüística diacrónica). Pensemos que unha institución coma a Real Academia da Lingua ten práctico dereito de veto sobre as propostas normativas e ortográficas elaboradas polos representantes das tres universidades galegas, o Instituto da Lingua Galega e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega, institucións academicamente cualificadas e con autoridade recoñecida (socialmente consensuada) para dictar norma en cuestións de lingua; e pensemos que estatutariamente non é necesario ser filólogo para ser membro da Real Academia Galega (nela hai desde historiadores ata biólogos, pasando por arquitectos, economistas, escritores e mesmo algún empresario), senón só unha especie de "amante" da cultura galega, un tradicional persoeiro público que adquiriu por ciencia infusa ese "dereito" de opinar sobre lingua, de xeito que ao final se equipara ao dos estudiosos reais da lingua galega.

A segunda consecuencia desa visibilidade e superávit da conciencia lingüística da comunidade galega é a maneira de ler os textos literarios, fixándose máis en cuestións de código ca en elementos de carácter estético, temático ou conceptual referidos á literatura. Non é só que calquera habitante de Galicia sexa algo así coma un "filólogo afeccionado", senón que le, e sobre todo *valora* os textos literarios en función dunha suposta (e dificilmente cuantificábel) calidade lingüística. Se isto ocorre co denominado *lector convencional*, podémonos preguntar qué sucederá co *crítico* coma profesional dos estudios literarios. En efecto, tamén no crítico se aprecia ese exceso de atención

[3] Sigo a empregar o matiz que Bourdieu lle confire ao concepto de *interese*.

BDD-A5205 © 2001 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 04:55:53 UTC)

lingüística sobre os textos. Non é estraño ler tanto na crítica xornalística coma na académica referencias á "calidade estilística do galego" de tal autor, "a pureza da lingua cultivada", etc. coma valores positivos á hora de cualificar unha obra literaria. A miña experiencia coma lectora de críticas na prensa portuguesa, alemá, inglesa e, evidentemente, española (sistemas normalizados) lévame a pensar que esta característica tan propia da crítica galega ten moito que ver coa excesiva conciencia lingüística practicada na nosa sociedade.

Pero sobre o crítico tamén se dá unha variante interesante do *paradoxo do observador* en relación coa cuestión ideolóxica relacionada co discurso literario en galego da que falabamos arriba. En efecto, o discurso do crítico en Galicia non é inocente no sentido de que aínda funciona (cada vez menos, á medida que parece irse normalizando e autonomizando o sistema literario) certa actitude de compromiso, certo elemento *militante* presente no labor de quen a miúdo sente, por unha parte, a obriga profesional de opinar da maneira que considere máis xusta[4], e por outra, a obriga persoal ou mesmo moral de animar e promocionar a producción nunha lingua que, nun proceso imparábel de perda de falantes, parece ter na literatura un reducto de producción paradisíaco.

A crítica literaria, logo, é un dos catalizadores da non normalidade do noso sistema literario, onde as relacións e a loita polas posicións centrais e periféricas queda desvirtuada pola irrupción de elementos procedentes do campo do político e do ideolóxico, por exemplo. O crítico, adoptando a miúdo unha actitude de mediador e mesmo de fornecedor de imaxes de referencia para que o lectorado en xeral xulgue o escritor e a obra, vese a miúdo na obriga de capear temporais nos que lle cómpre ser algo máis ca un analista da literatura. Iso, que ocorre en xeral en calquera sistema literario, engade un plus ideolóxico e simbólico importante en contextos minorizados.

O discurso científico sobre a literatura é lexitimador (Figueroa 2001: 76-82), pero en Galicia ten unha capacidade simbólica que vén directamente relacionada coa categoría mítica da literatura, co emprego dos textos galegos coma fetiche, como diciamos arriba. Isto provoca que, dun xeito case automático, os textos non sexan lidos desde unha perspectiva plenamente funcional, senón que funciona na recepción unha vontade hermenéutica en sentido especular que provoca directamente a non normalidade na recepción. Explícanse así a aparición de correlatos sociolingüísticos nas obras literarias, a aparición de alegorías identitario-nacionais ou o emprego instrumental dos textos literarios.

Por último, é necesario retomar unha cuestión que xa se sinalou de esguello e que está fortemente relacionada, na miña opinión, coa filoloxización da recepción no sistema literario galego: a *questione della lingua*. O debate normativo non só afecta á extensión da reflexión lingüística á cotidianeidade de potenciais lectores que aplicaran as conclusións tiradas da vida diaria á recepción dos textos, senón que afecta tamén, e moi especialmente, á escolla dos escritores, que se ben nun primeiro termo se fan a pregunta ¿en galego ou en castelán?, axiña deben cuestionarse ¿en qué galego? A cuestión non é baladí: o mundo editorial e a cultura subvencionada determinan en boa medida a decisión dos creadores que maioritariamente optan (optamos) pola modalidade máis cómoda en sentido institucional (aquela pola que a Xunta non penaliza simbolicamente e aquela sobre a que ningunha editorial pon problemas), de xeito que os lectores axiña estigmatizan a opción máis rara, a menos vista, a descoñecida e a difícil

[4] Non entro agora en que consiste a xustiza nin moito menos na cuestión incomprobábel e imposíbel da obxectividade en calquera actividade científica, xa non só a crítica.

BDD-A5205 © 2001 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 04:55:53 UTC)

de ler (o reintegracionismo), estendendo así o debate normativo, alén da propia diglosia sobre o par galego-castelán a unha conciencia endo-diglósica experimentada a través da súa experiencia lectora.

Algunhas características do sistema literario galego actual

González Millán (1996: 17) indica que o grao de autonomía dun campo literario coma o galego debe medirse en relación con tres criterios: a delimitación da súa especificidade discursiva, a efectividade da súa lexitimación nacional e a consolidación da súa articulación coma obxecto de estudio e ensino. Como vimos ata aquí, eses tres elementos foron consolidándose de maneira progresiva no contexto galego, onde se pasou dunha etapa inicial (Rexurdimento) na que se puña en cuestión a propia entidade coma tal do código e na que se comezaba a procurar a posibilidade de considerar a literatura con fins identitarios, ata o momento actual no que, se ben se discuten os límites, non cabe dúbida de que existe esa "especificidade discursiva", e de que o discurso literario historicamente foi útil na lexitimación nacional e identitaria, contando, desde logo, cunha consideración coma obxecto de estudio e de ensino (en relación, este último, coa lei de Normalización Lingüística de 1982 que supuña o acceso da lingua e a literatura galegas aos currículos escolares).

Agora ben, malia todo iso e malia a historia dos constantes momentos fundacionais da cultura e da literatura galeg(uist)as, aínda existen múltiples elementos, detalles, factores que denotan a falta de autonomía e a falta de normalidade do sistema literario galego. Se ben hoxe por hoxe é indubidábel a existencia como tal dun sistema cultural diferenciado a respecto dos teitos máis próximos, o español e o portugués, tamén é verdade que as cotas de dependencia e de anormalidade aínda son significativas e reseñábeis, sobre todo co fin de palialas e, tamén, de servir coma exemplo para algún dos máis cómicos absurdos polos que non debe pasar unha cultura minorizada que queira normalizarse.

Co fin de non alongar este traballo ata o aburrido infinito, imos enumerar algúns deses elementos, os que a min me parecen máis interesantes e significativos, alén daqueles que denotan cambios máis substanciais a prol da normalización do sistema literario galego.

Das macrometáforas ao esteticismo. González Millán (1995: 68) indica que un elemento clave que demostra a autonomización do sistema literario galego (el chámalle *campo*, empregando a terminoloxía de Pierre Bourdieu) é o paso dunha concepción do texto coma *macrometáfora nacional* a unha concepción dos textos máis coma obxectos estéticos ca coma obxectos puramente ideolóxicos. Esta cuestión sinalada por González Millán ten unha explicación histórico-literaria interesante. Nos 80 xorde unha reacción contra unha poesía de carácter civil, circunstancial e panfletario, típica dos últimos anos do franquismo, a través dunha nova concepción do texto lírico máis estetizante, máis críptica que, xustamente, coincide cun momento histórico no que Galicia, recoñecida coma comunidade diferenciada dentro do Estado Español, asumía posibilidades de autogoberno, vía cómo o galego aumentaba en cotas de prestixio (mais non de falantes) e experimentaba un acceso do discurso cultural galeguista ao ensino e aos ámbitos públicos. Todo isto demostraba que o discurso ideolóxico xa non necesitaba da literatura para se expresar e para atopar canles de dispersión social, e de aí que a

BDD-A5205 © 2001 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 04:55:53 UTC)

reacción dos poetas fose na busca dunha corrente preciosista, da atención ao texto polo texto fóra da inmediatez política á que obrigaba a situación política durante o franquismo. Sen embargo, ao tempo que iso ocorría no eido da poesía (tradicionalmente o xénero canónico na literatura galega), dábase en paralelo un proceso de promoción planificada (verémolo despois) da narrativa a través de premios e publicación de obras nos que, sistematicamente, se promovía textos de carácter alegórico e mítico-fundacional (*O triángulo inscrito na circunferencia* de Víctor Freixanes, *Retorno a Tagen Ata* de Méndez Ferrín, *Morte de rei* de Darío Xoán Cabana ou *Xa vai o Griffon no vento* de Alfredo Conde).

No proceso de normalización e reestructuración das competencias discursivas en Galicia, semella que a cuestión ideolóxica e identitaria quedou máis explícita para o discurso político, mentres que a literatura, como indica González Millán, por fin parece asumir o seu interese puramente estético, esixíndoselle unhas cotas de "compromiso" non maiores ás que calquera cultura occidental esixe dos seus intelectuais e artistas, tradicionalmente relacionados con causas políticas, ideolóxicas e morais de todo tipo. De tódalas maneiras, ese certo elemento ideoloxizante presente nese tipo de narrativa, conferíuselle en parte a novos discursos novelísticos xurdidos nos 90, tales como unha novela histórica de corte reivindicativo (en especial a referida á Guerra Civil), a novela de protagonismo feminino (reivindicando unha voz tradicionalmente silenciada na literatura galega) ou o xurdimento dun *dirty realism* que concede espacio literario ao fenómeno social da perda da tradicional sociedade rural galega en favor da aparición dun proletariado urbano. En Galicia, sen embargo, aínda permanece un pouso moi revelador: a cultura non só é maioritariamente galeguista (cada vez menos nacionalista declarada), senón que se declara de esquerdas. O escritor que *ouse* presentarse ideoloxicamente coma "de dereitas" quizais reciba prebendas interesantes desde as instancias actualmente (desde hai máis dunha década) no poder político, pero quedará automaticamente estigmatizado e demonizado por boa parte dos colegas da profesión. Calquera galego pode pensar exemplos recoñecíbeis.

O errático mundo do teatro. Así como a poesía é tradicionalmente o xénero canónico na literatura galega, en ardua loita coa narrativa ao longo dos 90, o teatro é coma o fillo ilexítimo que lle saíu á nosa literatura, unha especie de monstro inconfesábel que aparece aquí e alá e que supón un dos máis interesantes exemplos de tendencia "sálvese-quen-poida" típica de sistemas literarios minorizados. En efecto, dá a sensación de que o teatro galego funciona só, coma se o que vai ben nel fose ir ben de tódolos xeitos e coma se a situación só puidese mellorar pois (como di con certa gracia algún analista) parece non poder ser peor. Quizais a respecto do teatro actual en Galicia non haxa que ser nin tremendistas nin optimistas, senón simplemente realistas e definir as cousas na súa xusta medida e decatarse, de certo, de cales son as súas necesidades máis inmediatas. Aos estranxeiros seméllalles inconcebíbel que Galicia non conte cunha Escola Superior de Arte Dramática (cando temos unha universidade tan sonada polo mundo adiante), así como tamén lles parece incríbel que ningunha das editoriais galegas (a seguir falaremos delas) dedique unha colección específica á publicación de textos dramáticos, non sendo o convenio que Xerais ten co Centro Dramático Galego (creado, acontecemento fundamental, no 1984) de publicacións premiadas e / ou representadas polo propio Centro, mais que, evidentemente, non recollen a producción total. Se a isto engadimos a inexistencia de compañías residentes e a imposibilidade dun teatro estábel (debido ao carácter disperso da poboación galega) temos deseñadas algunhas das

BDD-A5205 © 2001 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 04:55:53 UTC)

carencias máis visíbeis do teatro galego (faltarían as invisíbeis, que se atopan a pouco que se esgaravelle na superficie). Preguntaranse qué cousas posúe o noso teatro. En fin... un nivel equiparábel aos demais xéneros (alomenos esteticamente non desmerece), varias ducias de compañías que acceden á profesionalidade moi facilmente, só con cotizar á facenda pública coma empresa privada, sen necesidade de ningún tipo de formación (captan a ironía, ¿non?), un Centro Dramático que programa tres ou catro espectáculos ao ano, unha Comisión Técnica de Teatro no seo do Consello da Cultura Galega encargada de conceder as subvencións e de elaborar o proxecto (nunca atendido) da famosa Escola de Teatro, e un par de premios de textos dramáticos dos que sae a canteira autoral, tanto para a edición de textos coma para a representación.

A cultura subvencionada e o sistema editorial. En maior ou menor medida, toda cultura é (ou debe ser) subvencionada, no sentido de que o Estado debe asumir a responsabilidade de promover e protexer economicamente os productos culturais emanados do seu polisistema cultural. Sen embargo, en culturas minorizadas esa posibilidade de subvención a miúdo supón un problema, especialmente cando as instancias no poder político non están dispostas a asumir cotas de autonomía ou ollan temerosas un discurso cultural que se enfronta ao *sentido común* (de Bourdieu) procedente doutro centro, xeralmente o correspondente ao poder político dun Estado centralista que serve coma teito. Isto sucede en Galicia e de aí que o reparto do diñeiro público destinado á cultura sexa producto dun constante debate. É certo que, hoxe por hoxe en Galicia, calquera partido no poder non só asume como necesaria a promoción da cultura en galego, senón que a aproveita con fins políticos debido a que supón un *capital simbólico* positivo: xa se sabe, o medo ao nacionalismo, satanizado desde o poder en Madrid, canalízase a través da atención ao diverso, ao exótico, ao pintoresco... coma mecanismo para *contentar* os discursos diferenciais e evitar que dunha preocupación cultural pasen a unha acción política.

Hai en Galicia unha Dirección Xeral de Política Lingüística en principio encargada de normalizar a lingua galega, e sen embargo a súa acción aínda non atinxe aos ámbitos que debera, desviándose os fondos cara a cuestións que, vernizadas co uso do galego, só pretenden aproveitarse do diñeiro concedido pola devandita Dirección Xeral (coñezo unha inmobiliaria que recibe importantes sumas da devandita Dirección Xeral e que só promove o galego a través de trípticos informativos que teñen máis fotos ca palabras en galego). O mundo editorial está fortemente determinado pola política de subvencións emanada da Consellería de Cultura, de tal xeito que para unha editorial en Galicia é difícil sobrevivir de non contar coa devandita subvención que pon unha condición importante: os textos deben estar escritos na normativa oficial. A axuda da Xunta consiste na compra dunha porcentaxe da edición, en teoría para o emprego en actividades de promoción cultural e animación á lectura, pero o certo é que a maior parte dos libros mercados ás editoriais, así coma os que edita a Xunta en luxosas e carísimas edicións, están almacenados nos sotos de edificios públicos.

En Galicia, con todo, hai un número de editoriais considerábel, tendo en conta que a galega é unha comunidade de arredor de 4 millóns de habitantes. Xerais e Galaxia son as editoriais erixidas como referentes fundamentais da literatura galega, cun abano de ofertas que tenta abarcar tódolos ámbitos do libro impreso, desde as coleccións de poesía e narrativa (Galaxia só publica poesía puntualmente, que conste) ata as de ensaio, pasando por literatura infantil e xuvenil, hoxe por hoxe un dos elementos esenciais nas ganancias de calquera editorial galega. Agora ben, o éxito das dúas empresas tamén se

ISSN 1616-413X

BDD-A5205 © 2001 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 04:55:53 UTC)

debe en parte ao diñeiro externo a elas mesmas: Xerais é unha filial dunha editorial francesa que, aínda mantendo unha autonomía practicamente total, si conta co apoio financeiro dunha grande empresa do libro; e Galaxia, de acordo coas condicións históricas da súa fundación en 1950 (serviu coma refuxio histórico do galeguismo durante a dictadura), funciona coma Fundación de xeito que se supón que non é exactamente unha empresa, senón unha entidade con fins non lucrativos. Son importantes tamén empresas coma Sotelo Blanco, Ir-Indo, A Nosa Terra ou Laiovento, as dúas últimas volcadas na promoción do libro portugués e da escrita en ortografías alternativas á oficial. A respecto da poesía é un referente fundamental a editorial Espiral Maior (fundamentada na subscrición), que ultimamente ampliou a súa oferta tamén á narrativa e ao ensaio. Hai tamén outras experiencias interesantes a respecto da promoción da literatura procedentes fundamentalmente de colectivos poéticos; entre estes destaca a editorial-cooperativa Letras de Cal, fundada hai uns anos por dúas ducias de poetas dos 90 (entre 18 e 35 anos) que, poñendo o capital inicial do seu peto, decidiron constituír un foro de promoción da escrita poética de autores noveis; non sen dificultades, a editorial parece ter atopado un espacio propio no sistema galego, erixíndose coma referente esencial das tendencias poéticas últimas. As tiraxes habituais adoitan ser de entre 1500 e 3000 exemplares na primeira edición, agás os casos de escritores canónicos e premios importantes que poden experimentar tiraxes de ata 10000 exemplares.

A escola, salvadora da literatura galega. Unha característica fundamental do sistema literario galego é a súa dependencia do ensino tanto desde o punto de vista receptivo, coma productivo. É un lugar común a débeda de toda a literatura galega á institucionalización do ensino obrigatorio da lingua e da literatura desde os 80, debido á necesidade de materiais de traballo con nenos. Agora ben ¿escribimos para que nos manden ler nas escolas ou mandan que nos lean nas escolas para que escribamos? Esa é a pregunta que subxace ao problema da relación da literatura galega co ensino, e, de certo, aínda está sen responder. En efecto, se algún xénero literario experimentou auxe, mesmo fóra das nosas fronteiras, nos últimos quince anos, ese é a literatura infantil e xuvenil, e non parece alleo a isto o feito de que a entrada do galego no ensino promovese a instauración das chamadas "lecturas obrigatorias" que, nun constante debate entre os clásicos e os contemporáneos, é o grande camiño de venda de libros en Galicia. Isto, como se intuirá, supón un forte condicionante para unha literatura (sobre todo a narrativa) que vive cos ollos postos nun emprego instrumental do libro e nun público de características moi determinadas. Esa dependencia do ensino tamén se deixa ver no curioso feito do escritor docente (habitual da literatura galega) que está vencellado a un interesante fenómeno de acceso á cultura por parte de toda unha xeración de universitarios que, coa promoción do ensino público elaborada polos gobernos socialistas trala instauración da Democracia, viron no ensino a principal posibilidade de traballo, un traballo que, ao tempo, deixa vagar para escribir.

Os procesos de canonización e o sistema de premios. Un sistema literario normalizado posúe unha rede complexa e ben establecida de mecanismos a través dos cales un autor pasa a ocupar posicións centrais, isto é, no indefiníbel canon literario ou, alomenos, na sección daqueles que serven coma exemplos ou referentes para lectores e outros escritores. Agora ben, nun sistema minorizado coma o galego, tamén os mecanismos de canonización sofren as consecuencias da non normalidade, e de aí certos

ISSN 1616-413X

BDD-A5205 © 2001 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 04:55:53 UTC)

desfases que peculiarizan o noso sistema literario. Xa comentamos a particular actuación da nosa crítica literaria e as súas relacións co campo simbólico da ideoloxía. O outro grande mecanismo canonizador nun sistema literario é o premio. En Galicia, o sistema de premios (relativamente completo para tódolos xéneros literarios, agás, claro, o teatro) é o referente canonizador desde o que se crean expectativas para lectores e para editoriais e desde o que, nalgunhas ocasións, se planifica a promoción e evolución da literatura galega.

Pensemos que nos 80, perante o peso simbólico do xénero poético, houbo voces críticas que se ergueron reivindicando a necesidade de establecemento dunha narrativa digna e madura na literatura galega, baixo unha especie de crenza de que un sistema literario non é nada sen unha *grande novela* (en tamaño e en calidade) como foi o *Quixote* para España. En efecto, a recén fundada editorial Xerais convocou o I Premio Xerais (en 1988) baixo a premisa de que un xurado formado por lectores convencionais sería quen decidiría a novela do ano, a que máis gustaba ao público; ao mesmo tempo a política municipal realizou convenios que conduciron á convocatoria do Premio de Novela Eduardo Blanco Amor (1981); aínda hoxe eses dous certames son os referentes fundamentais da narrativa galega contemporánea, ao tempo que outros concellos seguiron o exemplo e convocaron premios de narrativa (García Barros, Álvaro Cunqueiro) co fin de canalizar presupostos e desexos para a promoción cultural e para a proxección pública do propio concello, aproveitando o capital simbólico presente na organización dun premio literario. A cuestión dos premios de narrativa nos anos 80 é un exemplo claro de vontade e consciencia prestixiadora dun xénero concreto e, de certo, conseguiron aumentar exponencialmente a producción de novela na literatura galega, de xeito que na actualidade tanto cuantitativa coma cualitativamente é un xénero que conta cunha madurez autónoma e competitiva.

As relacións importación-exportación. O diálogo co foráneo e a introducción de discursos estranxeiros son armas de dobre fío en sistemas minorizados coma o galego. Ao tempo que a exportación de textos galegos é vista coma un elemento a favor da canonización dun autor determinado, tamén é verdade que a valoración adoita depender da lingua á que os devanditos textos son traducidos: a cuestión e clara e xorde o problema cando un autor galego irrompe a través da traducción no sistema literario español; de xeito automático, os sectores máis radicais dun estado de "pureza" e "virxindade" do sistema literario galego chegan a cualificar en termos de traizón a lexítima tentativa de triunfo fóra das nosas fronteiras de autores determinados, cuestión que non se pon en dúbida cando a traducción se realiza ao inglés, francés ou alemán. Sen embargo, e malia todo iso, os autores máis lidos e consagrados no noso sistema literario actual son, xustamente, aqueles que acadaron certos niveis de exportación, normalmente pola vía española. ¿A que se debe tal contradicción? En realidade, a cuestión non é máis ca un novo catalizador do grao de normalidade e autonomía do sistema literario galego, xa que, no fondo, non só se demostra que en moitos aspectos a promoción de autores non depende exclusivamente das posibilidades do noso sistema literario, senón que tamén fica patente a intrínseca relación entre os procesos mercantís propios do sistema literario a respecto dun interese e sentido xeneralizado a prol da cuestión identitaria, un asunto espiñento e aínda feble, como se demostra nas reaccións a este tipo de exportacións literarias das que vimos falando: determinados axentes do mundo da cultura e da política reaccionan de modo belixerante ao posíbel traspaso de autores galegos a o sistema literario inmediatamente enfrontado, pois no fondo subxace

ISSN 1616-413X

BDD-A5205 © 2001 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 04:55:53 UTC)

a conciencia da debilidade do campo e do extremo coidado necesario para manter as cotas de prestixio ás que chegaron algúns escritores galegos dentro e fóra das nosas fronteiras.

Ao final, a cuestión non está só en cómo nos vemos a nós mesmos, senón en cómo nos ven os de fóra e, sobre todo, de qué maneira se xulgan as obras procedentes do sistema literario galego noutros sistemas literarios; porque ¿como se recibe por Europa a autores coma Manuel Rivas?, ¿son considerados realmente como autores galegos, lingua inicial da súas obras, ou véndense directamente como autores españois, nacionalidade que figura na súa carta de identidade?; ¿de que maneira se coñece e se xulga a literatura escrita en galego en sistemas normalizados fóra do conflicto lingüístico que ten lugar en Galicia?; ¿que tipo de lectores están dispostos a recibir estas obras?, ¿ata que punto convén lexislar a distancia temporal entre a publicación dun orixinal e a aparición da súa traducción ao español que, vendido en Galicia, pode escurecer a venda do correspondente galego? Son preguntas que cómpre responder co fin de realizar unha xusta medida das relacións interliterarias que duns anos para aquí algúns autores dentro do sistema literario galego encetaron con éxito diverso. De tódolos xeitos está por salvar aínda o conflicto —e o prexuízo— a respecto do sistema literario español e mesmo do portugués, constantes cabalos de batalla para escritores que se debaten entre o seu compromiso coa literatura galega e o seu lexítimo dereito a acadar o éxito e a chegar a un número de lectores o máis extenso posíbel.

Indica Claudio Guillén (1988: 333) que as traduccións (importación) testemuñan a vitalidade dunha literatura emerxente, cousa que no sistema literario galego aínda está por acadar. Desde as editoriais e desde os axentes críticos ao servicio da promoción da literatura na lingua autóctona non existe unha programación seria para facer uso da traducción coma mecanismo a través do cal cubrir os espacios baleiros que a producción propia non pode asumir plenamente, sexa a respecto de textos do pasado da literatura universal, sexa a través de correntes estéticas que non atoparon (ou atopan) eco na producción en lingua galega. Baixo a premisa de que un lector galego ten dereito a acceder na súa lingua a calquera texto da literatura universal, comeza nos últimos anos a darse unha política de traduccións que, de certo, aínda ten moito de voluntarista e de circunstancial. Porque por unha banda está o problema dos custos de dereitos de edición sobre determinadas obras e autores que unha editorial galega, con presupostos limitados pola cantidade potencial de lectores, a miúdo non se permite custear: por aí anda o motivo de que Xerais non puidese asumir a traducción dos libros de Harry Potter ou de que, despois de moito tempo, aínda o ano pasado se comezase a traducir a Agatha Christie ao galego. Por outra banda, a traducción ten moito de oportunista (pensemos que acaba de saír, tamén en Xerais, a traducción de *O señor dos aneis*, de Tolkien, coincidindo coa estrea do filme de Hollywood) e, sobre todo de casual: pregúntome qué sentido ten que os lectores galegos dispoñan de obras de Joseph Roth ou de Ghelderode traducidas, mentres que non poden acceder a Joyce, Proust, Jarry ou Beckett na súa lingua.

Alén diso hai un debate aínda por resolver e que, de certo dá na cerna dos límites da autonomía non do sistema literario galego: ¿ata qué punto convén traducir obras españolas e portuguesas ás que o lector galego pode acceder directamente na lingua orixinal sen necesidade de traducción (cos custos que esta supón) con só unha mellora na oferta comercial do sistema editorial galego?, ¿non estaremos excedendo o debate sobre a traducción e caendo en extremos de falta de lóxica que atentan contra a capacidade de entendemento do noso lectorado?

ISSN 1616-413X

BDD-A5205 © 2001 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 04:55:53 UTC)

O fenómeno best-seller. Como se puido notar, está en relación coa cuestión da exportación e mais dos mecanismos de canonización da literatura galega un fenómeno que, nos últimos tempos, deu un xiro á caracterización do sistema literario galego. Se ata os 90 se consideraba que a literatura estaba destinada e producida por unha sorte de elite social e intelectual en Galicia, o abraiante éxito das obras de Suso de Toro e, sobre todo, Manuel Rivas mudou considerabelmente esta perspectiva. Os dous son autores que axiña acadaron éxito de público, por motivos estéticos e socioculturais referidos á súa obra que non nos ocupan agora; pero tamén accederon axiña, vía traducción, ao sistema literario español onde Manuel Rivas adquiriu un notábel éxito, aumentado, se cadra, pola adaptación cinematográfica dunha das súas obras (*A lingua das bolboretas*, baseada no libro *¿Que me queres amor?* na súa traducción española). Hoxe por hoxe é inexcusábel referirse ao fenómeno Manuel Rivas en calquera comentario sobre a literatura galega actual; un dato resulta revelador disto ao que me refiro: no verán de 1998 Manuel Rivas tirou do prelo a súa novela *O lapis do carpinteiro* que viu esgotada a súa primeira edición aos catro días do seu lanzamento. Pensemos no significativo deste acontecemento nun sistema literario que non está afeito a que os libros galegos desaparezan dos andeis e, sobre todo, que os lectores merquen avidamente autores autóctonos. É indubidábel que *O lapis do carpinteiro* se vendeu espectacularmente gracias ao nome do autor, a un proceso de *marketing* intelixente, e, por suposto, á calidade indiscutíbel dun texto que, alén diso, se axusta aos gustos, preferencias e hábitos do público galego. A novela publicouse en época considerada inaxeitada por tódolos libreiros galegos, etapa estival na que a xente está de vacacións (merca menos libros e le menos), na que non hai escola (co cal non inflúe a recomendación ou obriga dos axentes do sistema educativo), e na que non está próxima ningunha festividade susceptíbel de regalo. ¿Que pasou aquí? ¿E que pasou durante os 90 para que os adolescentes peguen fotos de poetas nos seus cartapacios de estudiante?. Pensemos que Suso de Toro asume en foros internacionais un papel representativo da literatura galega, tacitamente aceptado —en xeral— polos membros do sistema literario, ao tempo que experimenta cómo os seus libros tamén acadan terceiras e cuartas edicións ao cabo de dous meses de seren publicados, e ao tempo que asume nas cidades galegas o papel de personaxe público.

Na miña opinión, o fenómeno best-seller, lonxe de ser *alienante*, *vulgar* ou de pouca calidade (como a miúdo o definen os puristas da crítica literaria), denota os niveis de madurez dun sistema literario no que existe a oferta suficiente para contentar a un espectro variado de lectores e onde existe suficiente demanda como para conseguir que se poida cualificar un libro coma *popular*. Nunha literatura que precisa lectores debido a estar escrita nunha lingua que perde falantes, semella esencial que a publicación dun libro se converta nun acontecemento público e de relevancia social. Preguntémonos se unha literatura minorizada coma a galega non lle viría ben (deixando as sempre relativas cuestións de calidade á marxe) un Stephen King , un Ken Follet ou un Michael Chrichton que escribisen na lingua autóctona, sendo que todos nós gozamos coa lectura deses autores estranxeiros, hipertraducidos e hipereditados, e non encontramos unha oferta semellante na lingua propia. E contra os detractores deste tipo de libros, en aras da reivindicación dunha vara de calidade que converte a literatura nun discurso para elites (xa explicou Bourdieu as ansias que temos os intelectuais para diferenciarnos dos demais), sempre teño eu unha lembranza interesante: Cervantes escribía libros que se vendían coma churros no século XVII e Shakespeare enchía teatros e debíase ao acoso

ISSN 1616-413X

BDD-A5205 © 2001 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 04:55:53 UTC)

dos seus espectadores pola rúa. ¿Alguén dubida hoxe da calidade das obras mestras deses dous xenios?

Inventar unha literatura, inventar unha identidade: a planificación cultural

Os últimos vinte anos da literatura galega son unha etapa apaixonante porque neles podemos rastrexar a confluencia das liñas que guían os procesos de normalización lingüística e de normalización literaria en relación coa creación dunha identidade que lle debe moito ás actitudes románticas dos fundadores da literatura galega contemporánea. É certo que o feito mesmo de establecer unha fronteira contribúe a facela realidade (Figueroa 2001: 74) e a historia de Galicia desde o século XIX ata os nosos días demostra que o proceso de construcción nacional non só conseguiu inventar para Galicia unha identidade baseada na existencia dunha lingua diferenciada, senón que conseguiu inventar e crear un sistema literario.

E non convén levarnos a enganos: unha identidade, unha nación, unha literatura, mesmo unha historia, en calquera lugar e contexto, son *constructos*, entidades creadas e inventadas polos seres humanos desde as que explicar a súa propia individualidade. E iso é válido tanto para as culturas emerxentes e minorizadas, coma para aquelas máis antigas, mesmo para as que xa esqueceron de qué maneira naceron. A invención dunha identidade ten moito de relixioso, se se me permite a comparación, desde o momento en que se sustenta sobre un conxunto de crenzas compartidas por toda unha comunidade, crenzas que ao final (e iso é o que conta) son útiles e productivas para a propia convivencia e para a relación co outro, base fundamental do comportamento humano. Os pobos, necesitan crear un vencello de unión desde o que autodefinirse e desde o que xustificar as actuacións en diversos campos, desde o da pura subsistencia ata o cultural e científico. E de aí que a literatura, a arte e a historia tamén teñan moito de invención, moito máis alá do que a creatividade humana lles confire.

Sei que os defensores das esencias patrias das nacións estarían dispostos a matarme por sinalar tal elemento de artificiosidade nunha entidade que comunmente se considera indiscutíbel, pero a discutibilidade dos conceptos de "nación X" e "identidade X" demóstrase co día a día de debates sociais nos que constantemente se cuestiona a identidade de sociedades coma a galega, a catalana, a vasca ou a sarda (curiosamente ninguén cuestiona a española ou a italiana), ao tempo que certo relativismo persoal me leva a sinalarlles aos meus verdugos que nada xorde *ex nihilo* e moito menos unha nación, un Estado, unha crenza nunha identidade común, unha literatura.

Unha vez que caemos na conta deste elemento consciente (alomenos por parte dun grupo máis ou menos reducido de líderes) nos procesos de construcción nacional, estamos en condicións de valorar na súa xusta medida a historia da literatura galega contemporánea coma un camiño no que, en determinados momentos, se demostrou a productividade de pór en práctica de maneira máis que consciente un proceso de *planificación cultural* desde o que consolidar e madurar unha literatura e, en definitiva, unha identidade diferencial.

Xa vimos como influíu en positivo ao longo dos 80 e dos 90 un común acordo de promoción da narrativa a través do sistema institucional de premios, o propósito de promover a poesía dos máis novos a través de proxectos editoriais alternativos, ou a proxección pública e internacional que supón a existencia (propagandística) dun candidato ao Nobel escritor en galego (Xosé Luís Méndez Ferrín). Pero os propios

BDD-A5205 © 2001 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 04:55:53 UTC)

procesos de planificación lingüística levados con certo laconismo desde as autoridades no poder ou a inserción do ensino do galego de maneira consciente no sistema educativo tivo consecuencias esenciais no relativo á normalización do sistema literario e, sobre todo, no relativo á mellora das cotas de prestixio tanto da lingua galega coma dos productos culturais emanados do discurso en galego.

A planificación cultural permite cubrir espacios e necesidades que contribúan á normalización lingüística e literaria en contextos minorizados onde a atención sobre as particularidades provocadas polo conflicto lingüístico se fai indispensábel.

A cuestión está en se esa planificación da cultura consegue levarse a cabo con éxito ou se, polo contrario, se ve frustrada no seu propio proceso (Even-Zohar 1994), ao tempo que existe a posibilidade de planificar *contra*. É este un asunto espiñento que deben valorar implícita ou explicitamente os axentes e responsábeis da emerxencia das culturas, nacións ou identidades nas que, en función do interese reivindicativo concreto, cumprirá valorar os riscos a correr en caso de fracaso. En efecto, tamén esta cuestión entra nos límites dunha planificación que, ante todo, debe ser ilusionada, pero tamén realista e xusta.

En Galicia, o éxito debeuse a que, primeiro os precursores románticos do Rexurdimento e despois os homes de Nós, nos anos 20, conseguiron crear unha *dispoñibilidade*[5] a favor que nin os corenta anos de dictadura conseguiron soterrar plenamente gracias ao constante traballo do galeguismo na clandestinidade. As características do polisistema cultural galego contemporáneo e mesmo as características da nosa sociedade, economía e política demostran ata qué punto a planificación cultural produce os seus resultados nun sistema literario que, é certo, sofre carencias e unha falta de normalidade atroces que constantemente o fan perigar na posibilidade de desfacerse coma un castelo de naipes que camiña de vagar cara á súa autonomía sen aínda chegar a conseguila plenamente.

Os próximos vinte anos sen dúbida serán definitivos para diagnosticar o estado de saúde do polisistema cultural galego, nunha necesidade perentoria de solucionar a contradicción presente nunha lingua que perde falantes fronte a un sistema literario que gaña lectores, autores, ganancias editoriais e cotas de calidade, camiñando cara a unha autonomía que parece ignorar o futuro pesimista da lingua galega.

A cuestión é un misterio: ¿seguirá habendo literatura galega cando xa non se fale en galego? A partir dela, só queda espacio para o optimismo e para o pesimismo, para a análise e o diagnóstico. Pero sobre todo, queda un lugar para o soño de tódolos que facemos posíbel que haxa unha literatura galega.

[5] "A dispoñibilidade é unha actitude mental que impulsa ós individuos a actuaren de xeito que, doutra maneira, podería ser contrario ás súas "inclinacións naturais". [...] A creación dunha extensa rede de dispoñibilidades sobre un bo número de cuestións é algo que, aínda sendo vital para calquera sociedade, non debe ser asumido como natural" (Even-Zohar 1995: 188)

BDD-A5205 © 2001 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 04:55:53 UTC)

Bibliografía

BOURDIEU, Pierre (1987): *Choses dites*. Paris: Les Éditions du Minuit.

—— (1991): «Le champ litteraire». *Actes de la recherche en sciences sociais* 89: 3-46.

EVEN-ZOHAR, Itamar (1990): *Polysystem Studies*. Volume monográfico de *Poetics Today* 11(1).

—— (1994): «La función de la literatura en la creación de las naciones de Europa». In: VILLANUEVA, Darío [comp.]: *Avances en Teoría de la Literatura*. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, pp. 357-377.

—— (1995): «Planificación da cultura e mercado». *Grial* 126: 181-200.

FIGUEROA, Antón (1988): *Diglosia e texto*. Vigo: Xerais.

—— (2001) *Nación, literatura, identidade. Comunicación literaria e campos sociais en Galicia*. Vigo: Xerais.

GONZÁLEZ MILLÁN, X. (1994): *Literatura e sociedade en Galicia (1975-1990)*. Vigo: Xerais.

—— (1995): «Do nacionalismo literario á literatura nacional. Hipóteses de traballo para un estudio institucional da literatura galega». In: *Anuario de Estudios Galegos 1994*. Vigo: Galaxia, pp. 67-81.

—— (1996): *A narrativa galega actual (1975-1984). Unha historia social*. Vigo: Xerais.

GUILLÉN, Claudio (1998): «Mundos en formación: los comienzos de las literaturas nacionales». In: *Múltiples moradas. Ensayo de literatura comparada*. Barcelona: Tusquets, pp. 313-335.

HERMIDA, Carme (1992): *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891)*. Vigo: Xerais.

LÓPEZ SILVA, Inmaculada (2001): «Crítica, críticos e teatro en Galicia (The show *tries* to go on)». *Revista Galega de Teatro* 28.

VILAVEDRA, Dolores (2000): «¿Unha literatura para un pobo ou un pobo para unha literatura?». In: *Sobre narrativa galega contemporánea*. Vigo: Galaxia, pp. 11-18

BDD-A5205 © 2001 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 04:55:53 UTC)